

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2023

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Colaboradora de Calidade

María López Díaz

Coordinador do Mestrado en

Valoración, Xestión e

Protección do Patrimonio

Cultural

Fermín Pérez Losada

Enlace de Igualdade

Comendador Rey, Beatriz

Representantes PDI

Yolanda Barriocanal López

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Representante PAS

Josefa Rodríguez Bouzas

Representante da Sociedade

Rosa M^a Díaz Naya

DESCULPAN AUSENCIA

Representante estudantado

Lucía Domínguez Carrera

A comisión realízase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o luns 18 de decembro de 2023, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de novembro de 2023.

2. Informe do presidente.

3. Validación, se procede, dos seguintes novos procedementos aprobados pola Comisión de Calidade da UVigo con data 02/10/2023:

3.1.a. DE-02 Procedemento de Seguimento e Medición

3.1.b. DE-02 Seguimento. Anexo 1. Modelo de Cadro de mando

3.2.a. DO-0101 Procedemento de Deseño, Verificación, Modificación e Acreditación das titulacións oficiais.

3.2.b. DO-0101 Anexo 1. Formulario ACSUG.

3.3. DO-0102 Procedemento de Seguimento e Melloras das titulacións.

3.4. PE-02 Procedemento de Xestión do Persoal docente e investigador-PDI.

3.5.a. XD-01 Procedemento de Control dos Documentos e dos Rexistros.

3.5.b. XD-01 Anexo 1. Modelo de procedementos.

4. Validación, se procede, do rexistro do procedemento R2-DO203 P1. Informe final de avaliación do PAT-ANEAE (curso 2022/2023).

5. Asuntos de urxencia.

6. Rolda de intervencións.

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de novembro de 2023.

A Acta é aprobada por asentimento.

2. Informe do presidente.

O presidente comeza a xuntanza advertindo da brevidade do seu informe toda vez que apenas transcorreu un mes dende a última xuntanza da Comisión. Lembra, a continuación, que o pasado día 21 de novembro produciuse a visita da comisión encargada da validación do Sistema de Garantía Interna de Calidade e sinala que se está á espera da recepción do informe que debe emitir a devandita comisión. Manifiesta as súas esperanzas de que o informe resulte positivo, ao tempo que agradece a presenza dos membros da comisión que puideron estar presentes nesa xornada, e moi especialmente á representante do alumnado, Lucía Domínguez, polo oportuno das súas achegas na devandita xuntanza.

Engade que se tratou dun ano de intenso traballo no que a comisión reuniuse ata en cinco ocasións para validar aspectos fundamentais da axenda de calidade como son o Informe para a Revisión Interna de Seguimento de Centros, o Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2021-2022, a Política e Obxectivos de Calidade do curso 2022-2023, o procedemento relativo á Información Pública e Rendemento de Contas, o Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade, o Informe de resultados de satisfacción, o Plan de Promoción das Titulacións ou o Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade para o período 2023-2026, por poñer só algúns exemplos.

Engade que se acaba de recibir o informe da Enquisa e Satisfacción das Entidades Empregadoras que logo faremos público na web da Facultade. Sinala que se ben estamos nunha participación do 40% (catro puntos por riba da media da Universidade de Vigo) o resultado das valoracións dos diferentes items está 1,10 puntos por baixo da Universidade, que se sitúa nun 4,28.

Finalmente, sinala que xa se está a traballar na nova axenda de calidade para o curso académico 2023-2024, na que xa teremos en conta as metas establecidas no Programa de Desenvolvemento Estratéxico.

3. Validación, se procede, dos seguintes novos procedementos aprobados pola Comisión de Calidade da UVigo con data 02/10/2023:

3.1.a. DE-02 Procedemento de Seguimento e Medición

3.1.b. DE-02 Seguimento. Anexo 1. Modelo de Cadro de mando

3.2.a. DO-0101 Procedemento de Deseño, Verificación, Modificación e Acreditación das titulacións oficiais.

3.2.b. DO-0101 Anexo 1. Formulario ACSUG.

3.3. DO-0102 Procedemento de Seguimento e Melloras das titulacións.

3.4. PE-02 Procedemento de Xestión do Persoal docente e investigador-PDI.

3.5.a. XD-01 Procedemento de Control dos Documentos e dos Rexistros.

3.5.b. XD-01 Anexo 1. Modelo de procedementos.

Toma a palabra o vicedecano, prof. Antonio Presedo, quen sinala que na reunión mantida co director da Área de Calidade da Universidade de Vigo comentou a necesidade de aprobar estes procedementos en Xunta de Facultade e, como é costume, son previamente validados na Comisión de Calidade.

Como son procedementos aprobados pola Comisión de Calidade da Universidade de Vigo é obrigatorio recollelos; fan referencia a cuestións relacionadas coa modificación e verificación das titulacións, xestión de persoal docente, xestión e control de documentos e rexistros.

Apróbanse os procedementos por asentimento.

4. Validación, se procede, do rexistro do procedemento R2-DO203 P1. Informe final de avaliación do PAT-ANEAE (curso 2022/2023).

O decano informa que o que se somete a validación son os informes correspondentes ao PAT da Facultade de Historia, que coordina el mesmo, e do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, cuxa coordinación corresponde ao profesor Adolfo Fernández Fernández. No primeiro deles preséntanse os resultados obtidos a partir da ficha inicial de detección de necesidades que dende a súa modificación proporciona datos moi relevantes sobre procedencia xeográfica do alumnado, o medio de coñecemento do Grao, a razón máis determinante para cursalo ou as súas expectativas iniciais respecto á súa futura orientación laboral. A continuación analízanse os datos de participación nas diferentes xuntanzas tidas cos catro cursos do Grao e os dous grupos do PCEO que contan con titorización específica no que, como adoita acontecer, destaca a diferenza de participación entre o primeiro (102 participantes) e o segundo cuatrimestre (34), aínda que é de destacar un incremento notable da participación respecto a cursos anteriores.

A continuación, preséntanse os resultados do cuestionario final de satisfacción, que no curso anterior rexistrara unha participación moi baixa por parte do alumnado cuxa explicación atópase no cansazo respecto á cantidade de enquisas que reciben ao longo do ano e a percepción de que cando non existen problemas co desenvolvemento da vida académica e docente é maioritaria a percepción de que non é preciso participar neste tipo de enquisas. Insisten en que diante da existencia dalgún problema puntual a experiencia demostra que se resolve de xeito moito máis efectivo mediante a comunicación directa co decanato a través do chat de delegados/as. Engade que aínda que se logrou un incremento da participación nun 433,33%, este debe valorarse no seu xusto termo tendo en conta que o pasado curso académico só participaran na mesma 6 alumnos/as, polo que os 26 participantes deste curso académico, se ben supoñen unha suba moi considerable, seguen estando lonxe dos que consideramos obxectivos desexables a acadar. En todo caso, destaca

o elevado índice de satisfacción co PAT, con cifras medias que roldan o 90% de satisfacción no conxunto dos seis indicadores analizados.

Finalmente, inclúese o informe de seguimento dos cinco alumnos inscritos no programa PIUNE elaborado polo coordinador e secretario da comisión, o profesor Domingo Rodríguez Teijeiro.

Respecto ao PAT do mestrado, salientar sobre todo as queixas dunha parte do alumnado pola, ao seu xuízo, excesiva carga lectiva dalgunhas materias e elevado grao de especialización dalgunha delas, ademais de cuestións puntuais relacionadas coa xestión das prácticas e o TFM.

Validados por asentimento.

5. Asuntos de urxencia.

Non hai.

6. Rolda de intervencións.

Non se producen.

Rematada a rolda de intervencións, o presidente aproveita para desexar un bo Nadal aos membros da comisión ao tempo que agradece novamente o seu traballo ao longo do ano.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.20 horas do día 18 de decembro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro